



CIRCULAR 52-2019. **XXXVI CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS SUB20.**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o **domingo 5 de maio** o XXXVI Campionato de Galicia de Clubs Sub20 de pista ao aire libre.

Art.2) Poderán tomar parte no mesmo, os Clubs e atletas da categoría sub18 e sub20 pertencentes á Federación Galega de Atletismo.

Art.3) *Cada club estará representado por un/ha atleta en cada proba, estando reservada a competición para os/as atletas sub18 e sub20. Os/as atletas poderán realizar dúas probas individuais, 1 proba individual e un relevo ou dous relevos. En caso de carreiras só unha poderá ser superior a 400m.*

Art.4) O prazo de pre-inscrición para os equipos interesados en participar rematará o día **21 de abril ás 20h**. Estes equipos deberán remitir un email á FGA direcciontecnica@atletismo.gal notificando o seu desexo de participar comprometéndose a cumprir a dita participación. Posteriormente deberán realizar a inscrición definitiva a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata ás 20:00 do martes 30 de abril do 2019.

Art.5) Respecto ó nº de actuacións de atletas de clubs asociados aplicarase a normativa da RFEA (máximo 6 participacións).

Art.6) Realizarase unha clasificación por equipos onde existirá un campión **masculino** e outro **feminino**.

Art.7) O programa de probas a disputar será o seguinte:

Homes:

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 110v., 400v., 2.000Obstác., ALTURA, LONXITUDE, TRIPLIO, PÉRTEGA, PESO (6 kg), DISCO (1,750 kg), XAVELINA (800 gr), MARTELO (6kg), 5.000 marcha, 4x100 e 4x400 m.

Mulleres:

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 100v, 400v., 2.000 m. Obst. (0,762), LONXITUDE, TRIPLIO, ALTURA, PÉRTEGA, PESO (4kg), DISCO (1kg), XAVELINA (600g), MARTELO (4kg), 5.000 marcha, 4x100 y 4x400 m.

Art.8) O sistema de puntuación establecerase outorgando ó/á primeiro/a atleta N puntos, sendo N o número de equipos participantes; ao segundo N-1; ó/á terceiro/a N-2 e así sucesivamente. O equipo que obteña maior número de puntos proclamarase Campión de Galicia e así sucesivamente. En caso de empate



analizaranse os primeiros postos conseguidos para establecer o campión. En caso de persistir o empate serán analizados os segundos postos, etc.

Art.9) Para que un Club poida tomar parte deberá cubrir un mínimo de 15 probas

Art.10) O/a delegado oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas.

Art.11) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.12) Os/as atletas disporán de catro intentos nos concursos agás nos saltos verticais. Non haberá cambio de orde do terceiro ó cuarto intento.

Art.13) Alturas dos listóns:

Colocaranse á altura máis baixa das solicitadas polos/as atletas e permitida pola instalación. As cadencias publicaranse co horario definitivo de inscritos/as.

Art.14). O sorteo de rúas e orde de actuación nos concursos realizarase na FGA e será comunicado ós clubs unha vez rematado o prazo de pre-inscrición.

Art. 15) Horario provisional do Campionato:

HORARIO DO CAMPIONATO DE GALICIA Sub16-Sub20 EQUIPOS				
XORNADA DE MAÑÁ				
3000 marcha	SUB16/SUB20 H-M	10.15	Martelo 3-4 Kg	MULLERES
		10.30	Triplo	HOMES
3 000 marcha	SUB16 H-M	10.35		
3.000	HOMES	11.00		
3.000	MULLERES	11.10		
		11.15	Altura	MULLERES
			Pértega	HOMES
400 valos 0,914	HOMES	11.30		
300 valos 0,84	HOMES	11.40	Martelo 6-4 kg	HOMES
			Peso 3-4 kg	MULLERES
300 valos 0,762	MULLERES	11.50		
400 valos 0,762	MULLERES	12.00		
1.000	HOMES	12.10	Triplo	MULLERES
1.000	MULLERES	12.18		
100	HOMES SUB20	12.25		
100	MULLERES SUB20	12.35		
100	HOMES SUB16	12.45		
100	MULLERES SUB16	12.55	Disco 1kg-800 gr	MULLERES
			Peso 6-4 kg	HOMES
400	HOMES	13.05		
400 .	MULLERES	13.15		
300	HOMES	13.25		
300	MULLERES	13.35		
4 X 100	HOMES	13.45		
4 X 100	MULLERES	13.55		



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XORNADA DE TARDE				
800	HOMES	16.30	Disco 1.750-1 kg	HOMES
800	MULLERES	16.40		
600	HOMES	16.50	Lonxitude	MULLERES
600	MULLERES	17.00	Pértega	MULLERES
			Altura	HOMES
110 valos 0,990	HOMES SUB20	17.10		
100 valos 0,914	HOMES SUB16	17.25		
100 valos 0,84	MULLERES SUB16	17.40		
100 valos 0,762	MULLERES SUB16	17.55		
1.500	HOMES	18.05	Xavelina 600-500 gr	MULLERES
1.500	MULLERES	18.12		
		18.15	Lonxitude	HOMES
200	HOMES	18.20		
200	MULLERES	18.30		
2.000 Obs. 0,914	HOMES	18.45		
2.000 Obs. 0,762	MULLERES	18.55		
1.500 Obs. 0,762	HOMES	19.10		
1.500 Obs. 0,762	MULLERES	19.20	Xavelina 800-600 gr	HOMES
4 x 300	HOMES	19.30		
4 x 300	MULLERES	19.40		
4 x 400	HOMES	19.55		
4 x 400	MULLERES	20.10		

HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI ou calquera documento con foto)

Carreiras	10 m. antes hora oficial da proba
Carreiras valadas	15 m. "
Concursos (agás pértega)	30 m. "
Pértega	45 m. "

*Cámara de chamadas 10m antes da saída á pista

* Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man o gardada.

* A homologación de artefactos de lanzamento pechará 1h antes do horario da súa proba.

Art.16) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 17 de abril de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo